

## **INTERVENCIÓN DO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA NA COMPARECENCIA NO PARLAMENTO GALEGO POLO DEBATE DE POLÍTICA XERAL 2026**

Presidente do Parlamento; Señorías e señores deputados do Grupo Popular, do Grupo do BNG, do Grupo Socialista e do Grupo Mixto; Convidados presentes; Medios de comunicación; Galegas e galegos.

Grazas a todos por acompañarnos hoxe. Moi especialmente ao portavoz do Partido Socialista, nuns momentos tan duros como son os da recente perda dunha nai.

Hai dous anos, este Parlamento encomendoume exercer como Presidente de Galicia para cumprir o mandato que formulou o noso pobo nas urnas.

Señorías. Adquirir compromisos está ao alcance de calquera. Para cumprilos necesítase algo máis: ter principios, ter determinación e contar cun equipo que che axude e acompañe en cada paso.

Nun momento onde a política semella, para algúns, algo cada vez máis frívolo e falto de compromiso, eu quero reivindicar a política sólida.

A solidez que dá facer o que se promete. A solidez que dá gobernar para servir e non estar por estar, ou por sobrevivir. A solidez que só se pode demostrar cando se sabe a quen nos debemos. Debémonos a Galicia por riba de todo e a nosa forma de responder á confianza é afrontando os desafíos que ten a nosa terra. Sen medo, sen hipotecas e sen vacilacións.

Superado xa o ecuador desta lexislatura, solicitei celebrar este Debate de Política Xeral para facer balance dos logros que acadou Galicia ao longo deste tempo e analizar os desafíos que aínda permanecen no horizonte, reafirmando os compromisos para afrontalos.

Señorías. Estas comparecencias de rendición de contas só se evitan cando non hai contas que render.

Por iso en España só se celebrou un debate do estado da nación en oito anos.

Por iso en Galicia celebramos esta sesión rigorosamente todos os anos, salvo *os anos* nos que hai debate de investidura.

Nestes dous últimos anos, o noso pobo pasou por momentos mellores e peores, é certo, pero creo sinceramente que no cómputo global gañan os bos momentos e os motivos para a esperanza.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Galicia continúa creando emprego e o paro está en mínimos desde que existen datos, como certificaron esta mesma semana os datos de marzo;
- Os salarios están en máximos históricos, aínda que, por suposto, segue habendo moita marxe para que suban, e terán que facelo da man do incremento da produtividade;
- Seguimos aproximándonos á media de riqueza da Unión Europea e no que levamos de década pasamos do 76% ao 84,3%;
- O noso tecido empresarial segue demostrando boa saúde: levamos tres anos consecutivos superando os 30.000 millóns de euros en exportacións, e que xa estamos por riba do País Vasco;
- Somos líderes en redución das emisións netas de efecto invernadoiro e neste ano seremos os primeiros en contar cun mercado voluntario de créditos de carbono;
- Dous de cada tres galegos menores de 3 anos están escolarizados, 15 puntos máis que a media nacional;
- Galicia é a comunidade na que as condicións sociais e económicas dos alumnos inflúen menos nos seus resultados académicos;
- O alumnado galego está por riba da media dos países desenvolvidos en todas as competencias e somos líderes nacionais en ciencia, inglés e pensamento creativo;
- Galicia conta co mellor calendario de vacinación do mundo e seguimos ampliándoo;
- Os hospitais galegos levan tres anos seguidos realizando máis operacións cirúrxicas ca nunca;
- E 93.892 galegos dependentes están a recibir un servizo ou prestación, o 99,4% dos que teñen dereito a ela e 20.000 persoas máis que ao inicio da lexislatura. Isto foi grazas, en parte, ao Plan de choque que o Goberno central recorreu.

Señorías, si: Galicia avanza, e crece de xeito equitativo, sustentable e con cohesión social e con todo o respecto á nosa contorna natural.

O Goberno galego acompaña este crecemento cunha folla de ruta aprobada democraticamente por unha maioría dos galegos: o programa electoral do partido que gañou as eleccións.

Dous anos despois das eleccións autonómicas, a Xunta cumpriu xa ou ten en marcha para a súa execución máis do 85% das medidas ás que nos comprometemos nesta lexislatura. A palabra, para nós, segue tendo valor. Facemos exactamente o que votaron as galegas e galegos.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por suposto, a nosa terra non é allea ás numerosas incertezas do panorama internacional. A sucesión de acontecementos que vivimos nos últimos anos —desde a pandemia ata as guerras de Ucraína e Irán— tivo efectos máis que palpables:

- Para os cidadáns, nunha importante suba da cesta da compra;
- E para as empresas, nunha importante inestabilidade comercial que dificulta realizar plans a medio e longo prazo.

Xa hai mobilizados máis de 270 millóns de fondos autonómicos para paliar o impacto da guerra nas economías domésticas e no tecido produtivo.

Señorías. Ante un contexto incerto, son moitos os lugares que se están a deixar seducir por opcións políticas que beben do medo e que o traducen en cerrazón, agresividade e polarización.

Estou especialmente orgulloso de que Galicia non caese nesa forma de facer política que, ao meu modo de ver, resulta incompatible coa nosa forma de entendernos a nós mesmos e de entender o mundo.

Creo firmemente que o camiño de Galicia, labrado nestas catro décadas de autonomía, é o máis axeitado para protexernos e reforzarnos neste novo contexto internacional.

Agora, máis que nunca, cómpre aproveitar as oportunidades e non esquecer canto custou conseguir o que temos.

- Cando a gobernabilidade e a normalidade institucional se converten en algo excepcional, en Galicia desfrutamos dela;
- Cando aprobar uns Orzamentos ano a ano se pretende por algúns un exotismo innecesario, en Galicia, iso é o normal;
- E cando a polarización parece unha condena que se cerne sobre as sociedades, en Galicia fuximos de todo iso reivindicando o respecto e a pluralidade.

Esa é a nosa forma de facer as cousas, a nosa Galicia Calidade. Prudencia, humildade e tolerancia. Aínda que algúns se empeñen en facernos ver que o contrario é o que funciona, non debemos ter medo a nadar contracorrente.

Señorías. Agora que volvemos decatarnos de que a xeografía é determinante, de que a xeografía ten un impacto directo no prezo da gasolina e que a realidade se entende mellor diante dun mapa, cómpre reivindicar o emprazamento privilexiado que ocupa Galicia.

Galicia é o mellor balcón ao Atlántico, unha ponte entre o vello e o novo continente, e non falo só en termos físicos, senón tamén en termos humanos, pois a palabra "Galicia" significa moito para millóns de persoas nos cinco continentes.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A nosa condición de pobo emigrante, antano unha condena para moita xente, hoxe convértese nunha excelente oportunidade para reforzar o noso papel a nivel internacional.

Galicia fala con voz propia ante as institucións europeas. Asumín durante o último ano a presidencia da delegación española ante o Comité das Rexións, mantivemos reunións cos comisarios das áreas máis relevantes para Galicia e mesmo recibimos aquí, na praza do Obradoiro, á presidenta da Comisión Europea.

Continuamos cultivando a Galicia aberta, sen complexos, que pide paso no novo escenario nacional e internacional. A nosa terra nunca se pechou en si mesma e nunca xamais o fará. Temos moito que achegar. "Galicia Calidade" é un clamor que debe escoitarse no mundo enteiro.

Señorías. Para ser fortes fóra o primeiro é selo dentro. Ningunha sociedade xusta pode construírse sobre a desigualdade de oportunidades, e se falamos de oportunidades hai que falar de vivenda.

A vivenda está a ser un obxectivo constante e irrenunciable ao longo desta lexislatura: un eixo político absolutamente prioritario.

En 2024 marcámonos unha meta ambiciosa: duplicar en catro anos o número de vivendas públicas, de 4.000 a 8.000. Señorías, hoxe podo confirmarlles que todas as novas vivendas comprometidas para esta lexislatura, o 100%, están xa en marcha, moitas delas xa en construción. En poucos meses comezaránse xa a entregar as primeiras chaves en Pontevedra e Santiago.

Comprometémonos tamén a desenvolver solo para 20.000 vivendas protexidas e xa son unha realidade 12 Proxectos de Interese Autonómico residencial, a figura que nos permite agora facelo coa máxima axilidade.

Nun ámbito tan sensible para a xente e no que os prezos elevados son unha preocupación central para moitos galegos, é normal que se escoiten propostas demagóxicas e baleiras de contido. Nós témolo claro: menos dogmas e máis obras.

- Os dogmas levan a que desapareza en menos dun ano máis da metade da oferta de inmobles, como sucede na única zona tensionada que está vixente en Galicia;
- As obras, a aposta pola construción de vivenda permitirá que máis persoas poidan comprar ou alugar un piso asequible. A Xunta non constrúe muros para dividir á xente, constrúeos para sustentar vivendas para que as persoas poidan habitalas.

E, por suposto, a Xunta traballa en máis frontes para mitigar esta crise de vivenda: con máis obras en marcha, menos impostos, menos burocracia, máis axudas para reformar e máis propostas novidosas para poñer en valor espazos desaproveitados, como os edificios inacabados ou os locais comerciais. Estamos avanzando na boa dirección, na da vivenda de calidade.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Queremos prestixiar e dignificar a vivenda protexida. Construír vecindarios agradables, acolledores e con todos os servizos, para que toda a xente que vive neles faga vida de barrio e os encha de vida. Por iso quero anunciar que neste ano adoptaremos dúas decisións orientadas que todas as vivendas que se están a construír sexan máis accesibles para as persoas traballadoras, que no mercado actual, moitas veces, ven complicado o acceso a un piso, aínda cando ingresan un soldo fixo e digno.

Recordarán que en 2025 incrementamos o teito máximo de renda para acceder a unha vivenda pública. Tamén que reservamos para as persoas de menos de 36 anos o 25% destes pisos en venda e o 40% dos que se ofrecen en alugueiro. Pois ben:

Primeira decisión: neste ano imos volver elevar este limiar máximo de renda ata catro veces o Iprem. Isto significa que unha parella cun fillo, que ata agora tiña un teito de ingresos de 2.250 euros brutos mensuais, agora pasa a máis de 3.500 euros.

Ademais, no caso das familias numerosas o teito elevarase a 4,5 veces o Iprem. Un fogar con dous proxenitores e tres fillos poderá acceder a unha vivenda protexida sempre que non supere os 4.150 euros brutos mensuais de ingresos.

Segunda decisión: imos reservar o 30% das vivendas públicas en venda para as persoas de entre 36 e 45 anos, especialmente cando son nais ou pais de nenos pequenos e que, polo tanto, teñen menor mobilidade xeográfica que as persoas máis novas.

Señorías, facemos isto porque cremos que a vivenda pública e protexida debe estar ao alcance de capas da poboación canto máis amplas mellor, tamén da clase media que en moitos casos se ve excluída doutras axudas públicas.

Señorías, o mes pasado, a Comisión Europea presentou unha Lei de aceleración industrial, que nace da certeza de que o noso continente necesita apostar pola industria para manter e reforzar o seu peso internacional. O que vale para Europa, tamén vale para Galicia.

Partimos dunha boa situación para contribuír a este obxectivo estratéxico:

- O índice de produción industrial crece en Galicia mentres no conxunto de España se reduce;
- O emprego industrial está en máximos desde 2010: despois de tres anos consecutivos de subidas, hai 192.300 persoas traballando neste sector;
- A industria ten un peso, tanto no emprego como no PIB, por riba da media nacional.

A Galicia atrasada e ancorada nunha economía practicamente de subsistencia é tan só un mito que algúns, por razóns puramente políticas, se empeñan en revivir.

Afortunadamente, a realidade é ben distinta. Temos un tecido empresarial moderno e aberto ao mundo, competitivo e con moita marxe para seguir crecendo e creando

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

empregos de calidade que fagan subir os salarios. Esta é a mellor maneira de protexer ás economías domésticas fronte á inestabilidade económica e a inflación.

As empresas que confían no talento galego non teñen teito. Galicia ofrécenos cada día milleiros de motivos para crer. Configuramos un ecosistema aberto e dinámico que atrae cada vez máis investimentos de fóra. O traballo atrae máis traballo.

Temos declarados 14 proxectos industriais estratéxicos, que van desde o hidróxeno verde e o biometano ata as plantas de produtos do mar conxelados, pasando tamén por centros de datos e pola industria agroalimentaria. A nosa non pode ser terra de monocultivo económico; as potencialidades son tantas que debemos abrir á vez varias vías de negocio.

Dispoñemos xa de plans directores da automoción e do naval para reforzarnos en sectores nos que historicamente somos fortes, e outros sete sectores estratéxicos que tamén terán o seu plan antes de que remate o primeiro semestre de 2027.

Evidentemente, non somos unha illa, polo que hai decisións do Goberno central que nos afectan e nos limitan.

- Falo de que —a menos de cinco meses para que rematen— siga habendo máis de 16.000 millóns de euros sen executar dentro dos Perte, que estaban chamados a transformar o tecido industrial español, parte dos cales podían terse aproveitado en Galicia.
- Falo do escaso e pouco entusiasta apoio a infraestruturas enerxéticas coma o gasoduto de hidróxeno A Coruña-Zamora, necesario para dar cobertura aos proxectos de hidróxeno verde, pese a todos os esforzos e alianzas promovidas desde a Xunta.
- E, por suposto, falo do uso partidista da rede eléctrica para estrangular proxectos que noutros territorios contarían co apoio incondicional do Goberno central. Non me cabe ningunha dúbida.

Mentres, estamos atentos ás novas oportunidades no sector aeroespacial e de defensa, a cabalo das novas prioridades europeas. Contamos cunha estratexia que busca mobilizar 900 millóns de euros e neste mesmo ano licitaremos os primeiros acordos de asociación, para atraer a Galicia investimentos nestes ámbitos.

Hai moitas oportunidades no sector mineiro, que en Galicia agocha 18 dos 34 materiais críticos identificados pola Unión Europea. O ano pasado sacamos a concurso dereitos mineiros caducados, o que permitiu 20 novas prospeccións e neste ano lanzaremos un proceso semellante cun alcance aínda maior. Estará centrado en materias primas coma o volframio, o tantalio e o litio, ademais doutros clásicos da minería galega coma o granito, a lousa ou o cuarzo.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

E por suposto, falar de industria implica necesariamente falar tamén de enerxía.

- Galicia non ten gas, pero ten unha planta regasificadora, das máis potentes de España, que está axudando a diversificar as nosas fontes de enerxía en momentos, coma este, de crise de subministro.
- Galicia non ten petróleo, pero dispón de algo aínda máis valioso: o ouro verde e azul que supoñen os nosos recursos renovables.

Para aproveitar este potencial, Galicia seguirá apostando por desenvolver a eólica terrestre e por unha eólica mariña plenamente compatible co aproveitamento dos recursos pesqueiros, a pesar das cerrazóns e bloqueos sistemáticos, outra vez por motivos partidistas.

Tamén exploraremos outras fontes de enerxía renovables con moito potencial, coma a undimotriz ou a hidráulica reversible, "pilas" xigantes que garanten a estabilidade do subministro eléctrico e axudan a evitar apagóns coma o que vivimos hai un ano.

Estamos convencidos de que o desenvolvemento renovable galego ten que vir da man de beneficios para as aldeas e vilas que acollen as centrais. Para iso constituímos unha fórmula pioneira en España pero inspirada no que fixeron países coma Noruega: Recursos de Galicia. Os descontos do 80% na factura da luz cos que contará medio milleiro de fogares na Mariña son tan só unha mostra do que podemos lograr coa extensión deste sistema.

Avánzolle que nas vindeiras semanas iniciaremos, xunto cos nosos socios, unha ampliación de capital de Recursos de Galicia para que as galegas e galegos xestionemos ou participemos en cada vez máis instalacións e explotacións.

Deste modo, blindaremos o seu retorno social e económico, con novos descontos nas facturas enerxéticas para particulares e empresas.

En definitiva, señorías. En materia industrial e enerxética, sempre que xorda unha oportunidade, a Xunta traballará para aproveitala. Sempre que se abra unha posibilidade, intentaremos convencer ás empresas para que se instalen aquí e que o fagan con todas as garantías. Entre progreso e estancamento, Galicia escollerá sempre progreso.

A preservación ambiental e o progreso son plenamente compatibles, señorías, por moito que os de sempre se empeñen en negarnos novas oportunidades. Como sempre, por motivos partidistas.

Téñoo absolutamente claro: defenderei unha política económica da que todos os galegos poidan estar orgullosos, especialmente a xente nova. Para que poidan exercer aquí, na súa terra, a vocación profesional que teñan. Así é como se crea traballo de calidade: emprego cualificado, ben pagado e de calidade.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Serei firme porque é o que merecen os galegos de hoxe e de mañá. Fronte aos que, por sistema, só din non a todo, seremos sempre a Galicia do si.

E cremos tamén nun sector que se identifica coa esencia mesma da nosa comunidade: a pesca, o marisqueo, a acuicultura e a transformación dos produtos do noso mar.

Os temporais dos últimos meses supuxeron unha drástica baixada na salinidade das augas, coas consecuencias que iso ten sobre a poboación de marisco.

Por iso, autorizamos unha inxección de case 23 millóns de euros para que os que realmente saben, a xente que traballa no mar, teñan todo o apoio para a recuperación e rexeneración das poboacións dos bancos marisqueiros.

Recuperar as rías, como estamos a facer tamén na Coruña e en Pontevedra, non é poñer unha tiritita sobre unha ferida puntual: é reforzarnos para que o marisqueo siga sendo clave na Galicia do futuro.

Para iso, combateremos tamén a intención do Goberno de cambiar pola porta de atrás o Regulamento xeral de Costas. Este movemento non só crea inseguridade xurídica: tamén pon en risco o desenvolvemento e o emprego nun sector clave para Galicia como é a acuicultura, con 2.500 empresas e preto de 4.500 traballadores.

No que queda de lexislatura, seguiremos impulsando a renovación da frota e loitando por un novo Marco Financeiro Comunitario que permita reemprazar os barcos antigos por outros máis modernos, seguros e eficientes no uso de combustibles.

Este apoio abarca toda a cadea do valor dos produtos do mar, que remata na industria transformadora. Tamén con ela seguiremos colaborando con máis fondos.

Por suposto, continúa preocupándonos o descenso sostido no consumo de peixe. Diríxome unha vez máis ao Goberno central para lembrarlle que non é tarde: rebaixen do 10% ao 4% o IVE dos produtos do mar. É unha das mellores políticas de saúde pública e promoción económica que poden facer.

A gandería e a agricultura son piares económicos, sociais e territoriais dun país coma o noso, que entende a produción de alimentos como un sector estratéxico, ligado á calidade, á sustentabilidade e á identidade propia.

Temos granxas profesionalizadas, diversas e competitivas, que viviron nos últimos anos unha intensísima modernización que non supuxo, nin por asomo, renunciar ás súas raíces. Milleiros de explotacións agrícolas e gandeiras sosteñen emprego, fixan poboación e contribúen a un modelo de desenvolvemento equilibrado, no que o rural non é periferia, senón centro de oportunidades:

- Pechamos 2025 co récord absoluto de produción leiteira;
- Por primeira vez, tres de cada catro litros se transforman na nosa terra.
- E o vacún de carne está en cifras de facturación nunca antes vistas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Unha ollada pausada ao sector debería avalar o optimismo, pero tamén serve como antídoto á euforia.

Ante o risco de baixada xeneralizada dos prezos do leite en orixe, seguimos traballando para atenuar o seu impacto. Incluíndo, cando sexa necesario, poñer a situación en man da Comisión Galega de Competencia e abrir expedientes con cada incumprimento detectado.

Ante a entrada en vigor do acordo comercial entre a Unión Europea e o Mercosur, permanecemos moi vixiantes para maximizar as súas oportunidades e mitigar os riscos que existen.

Dispoñemos dun plan propio de medidas de vixilancia e control e defendemos con firmeza a posición do sector ante o Goberno central e a Comisión Europea, para que fagan o propio. Coa vixilancia axeitada para que os estándares de calidade non baixen nin un milímetro, estou convencido de que os posibles beneficios deben superar aos prexuízos.

En paralelo, seguiremos facendo todo o que estea na nosa man para garantir que a Política Agraria Común, no período operativo 2028-2034, conserve unha forma de xestión eficaz e siga dispoñendo dun volume suficiente de fondos para a modernización do agro e garanta o desenvolvemento rural.

Avanzamos tamén na mellora da estrutura territorial agraria, para optimizar o esquema de minifundios tan característico da nosa terra. Desde 2020, rematáronse 38 concentracións parcelarias, que agrupan 26.200 hectáreas de máis de 20.000 propietarios. Ata o final da lexislatura, prevemos pechar outras 25 parcelarias que sumarán 23.000 hectáreas máis, sete destes procesos neste mesmo ano.

Seguiremos defendendo un agro forte, digno e respectado. Porque cando o campo galego avanza, Galicia avanza con el.

Señorías. Como podemos comprobar con toda crueza o ano pasado, o despoboamento da superficie rural e a falta de limpeza das parcelas é un dos factores que máis alimenta os grandes incendios forestais.

Tan só en materia de prevención, nos últimos oito anos triplicamos os fondos destinados á limpeza e obra preventiva nos montes, multiplicouse por cinco o número de hectáreas de monte ordenadas e incrementouse nun 50% a superficie de frondosas.

A día de hoxe, xa están en marcha os compromisos que adquirín neste mesmo hemiciclo no pasado mes de setembro:

- Habilitamos —da man dos concellos— un reforzo da xestión das faixas secundarias, que logrou en tres meses que se adherisen tantos concellos como nos seis anos anteriores, case 300 dos 313;

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Regulouse un maior investimento das comunidades de montes en materia de prevención,
- Elimináronse trabas burocráticas ao aproveitamento forestal;
- Estamos en plena contratación de catro novos medios aéreos;
- E xa están pagadas todas as axudas para a reconstrución de vivendas, negocios, infraestruturas medioambientais e xa resoltas 700 solicitudes de explotacións agrogandeiras e forestais, por máis de 7,5 millóns de euros.

Seguimos agardando a que o Goberno central autorice a creación dunha base da Unidade Militar de Emerxencias en territorio galego, para que a reacción sexa o máis rápida posible cando un lume de complica. Tamén esperamos que non haxa que volver vivir un verán como o pasado para que o Goberno central se acorde do Pacto de Estado que prometeu e no que, desde entón, houbo cero avances.

Antes da Semana Santa presentamos ante o Consello Forestal un Pladiga que contempla actuar sobre un 70% máis de superficie que o ano pasado a nivel preventivo e incorporar 170 novos efectivos, ademais de duplicar a unidade de extinción de elite dedicada aos incendios máis grandes.

Señorías. Galicia crece e o paro en mínimos de dúas décadas, a poboación activa e ocupada en crecemento e máis asalariados que nunca con contrato indefinido.

Para acompañar e consolidar esta evolución, a Xunta aplica unha política de emprego axustada ás necesidades reais das traballadoras e traballadores galegos.

- Apostamos polas microcredenciais, reguladas neste mesmo ano por decreto, e que permiten unha formación flexible e que vaia directa ás necesidades das empresas e dos traballadores;
- Renovamos o Servizo Público de Emprego con ferramentas de intelixencia artificial, para ser máis efectivos na procura de traballo;
- Centramos os esforzos nos demandantes de emprego que realmente teñen vontade de traballar;
- E garantimos os apoios á contratación para aqueles colectivos con maiores dificultades de inserción laboral.

Por suposto, recoñecemos o enorme mérito de todos os emprendedores e autónomos que levantan cada mañá as verxas do seu negocio para dar vida ás nosas vilas e dar forma ás súas ideas empresariais.

- Unificamos todas as axudas para autónomos, tal e como comprometéramos;
- Destinamos 60 millóns de euros a cubrir todo o ciclo do emprendemento, desde que un negocio empeza ata que o seu propietario se xubila e busca relevo;

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- E incorporamos novidades para que montar un negocio no rural sexa cada vez máis fácil: cota cero de dous anos para os emprendedores gandeiros, agrícolas ou silvícolas e polos de emprendemento por toda a nosa xeografía.

Quero determe agora nun asunto especialmente importante. Na primeira metade de legislatura fomos delineando unha liña de traballo fundamental: a situación e os efectos das baixas laborais. Trátase dun problema moi serio que lastra a produtividade en toda España e que afecta especialmente a Galicia. Hai cifras que invitan á reflexión:

- Galicia é a segunda comunidade con máis xornadas laborais perdidas por baixas;
- Tamén a segunda comunidade con máis duración media das baixas, que supera en promedio os 60 días.
- As baixas laborais supuxeron que Galicia perdesse máis de 2.200 millóns de euros, é dicir, arredor do 3% do PIB;
- E cada día non van traballar 70.000 persoas en Galicia por estaren de baixa.

É evidente que existen circunstancias e razóns nas que, sen lugar a dúbidas, unha traballadora ou traballador debe estar de baixa, e ten que permanecer así ata que se recupere, pero non podemos pasar por alto que, tal e como demostran as cifras, o crecemento das incapacidades laborais en Galicia é un problema estrutural de primeira magnitude. Hai moita marxe de mellora en todos os ámbitos, tamén na Administración, cuxo deber é que estea de baixa quen realmente deba estar e que poida volver traballar en canto estea en condicións.

Recordarán que xa puxemos en marcha un programa de revisión que permitiu controlar preto de 130.000 baixas, o que resultou na alta de 30.200 persoas que non debían estar nesta situación.

Pois ben: nas vindeiras semanas imos presentar un programa integral de abordaxe das baixas laborais. O seu núcleo será a creación de unidades especializadas para a atención e control das baixas por doenzas musculoesqueléticas ou de psiquiatría menor, que son as máis frecuentes. Estas unidades servirán de apoio aos médicos de atención primaria que xestionan as baixas.

Ademais, vaise reforzar o papel das mutuas na revisión das incapacidades temporais. A partir da posta en marcha deste programa,

- Cando unha mutua realice unha proposta de alta suficientemente xustificada, a inspección sanitaria vana ratificar e acordar a alta. Se existen dúbidas, a inspección citará ao traballador para poder valoralo e tomar a decisión axeitada;

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- E, en lugar de que as mutuas teñan que solicitar, unha por unha, cada proba ou tratamento ao paciente, tramitárase unha autorización global para facer o seu labor máis áxil e eficaz.

Este Programa integral de abordaxe das baixas laborais dialogárase cos sindicatos e a patronal para a súa mellora, co obxectivo de que entre en marcha á maior brevidade posible.

Señorías. O incremento sostido na esperanza de vida é un logro colectivo, pero para que a estrutura social siga sendo sostible é necesario que Galicia se rexueneza.

O crecemento económico e a creación de postos de traballo é esencial para calquera política demográfica.

- A mocidade galega quedará a vivir aquí se atopa un emprego que encaixe coas súas preferencias e expectativas.
- A mocidade doutros lugares virá a Galicia sempre que aquí haxa puxanza económica e oportunidades laborais.
- E as familias animaranse máis facilmente a ter fillos se teñen estabilidade vital e laboral e contan cos máximos apoios.

As últimas cifras ofrecen motivos para o optimismo. Os nacementos incrementáronse lixeiramente, cun 1,6% de crecemento entre o 2024 e o 2025, despois de moitos anos de caídas. Para as persoas que toman a decisión de ter fillos, Galicia dispón de máis axudas que en ningún outro lugar de España: escolas infantís gratuítas, casas niño, Tarxeta Benvida e Bono Concilia para ofrecer todas as facilidades.

A nivel migratorio, desde 2009 chegaron a Galicia 170.000 persoas máis das que marcharon, tanto de fóra de España como doutras comunidades autónomas.

Galicia converteuse, cada vez máis, en terra receptora de moitos acentos distintos. Salvo contadísimas excepcións, non supuxeron ningún problema para a convivencia, senón todo o contrario. Somos unha terra acolledora que facilita a integración, igual que fixeron con nós cando tivemos que emigrar.

Moitos outros galegos seguen vivindo fóra, na terra que os seus devanceiros ou eles escolleron para buscar novas oportunidades. O Goberno autonómico tamén ten unha responsabilidade cara a eles e por iso os temos moi presentes.

Cultivar e reforzar ese vínculo é fundamental para que nunca deixen de sentirse como o que son: galegos, que teñen abertas as portas da súa terra se nalgún momento queren volver.

Dentro do mapa sentimental da diáspora galega, Arxentina ten un peso fundamental. Non en van foi bautizada como a quinta provincia galega e nela viven máis de 191.000 galegos de pleno dereito.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por iso lles avanzo que a Xunta vai dispoñer dunha nova delegación en Bos Aires, na que todos terán as portas abertas. Será unha sede moderna, ampliada e adaptada aos novos tempos, un espazo digno da Arxentina e propio de Galicia. Con ela, buscaremos potenciar os obxectivos estratéxicos dirixidos aos galegos e a presenza de Galicia no exterior.

señorías. Vivir con calidade significa que cada galega ou galego sexa o que queira ser, sen límites nin barreiras. Galicia aposta pola Educación como a ferramenta máis poderosa para unha igualdade real de oportunidades.

Para axudar aos rapaces a superar trabas no acceso á Educación, nesta lexislatura Galicia converteuse na primeira comunidade en garantir a gratuidade de todas as etapas do ensino, desde que comezamos a escola infantil ata que saímos da Universidade ou do centro de Formación Profesional cun título debaixo do brazo.

Para facer posible isto, investimos preto de 80 millóns de euros cada ano. É unha cantidade importante, pero o seu retorno é moito maior: as dificultades económicas non poden ser un impedimento para que calquera alumno chegue ata onde queira chegar e que o factor diferencial sexa o talento o esforzo, non na conta bancaria.

Estamos moi orgullosos de ter construído, entre todos, un sistema educativo gratuíto, de enorme calidade e que abarca toda a nosa xeografía, vertebrado pola rede de centros educativos máis estendida de toda España, por un sistema de transporte escolar que chega aos lugares onde viven os alumnos e comedores escolares que fomentan a equidade do sistema.

Por suposto, este sistema non sería o que é sen o talento e compromiso dos docentes, que deixan no recordo dos alumnos unha pegada que, en moitos casos, non se borrará nunca.

Para recoñecelos como se merecen, avanzamos en mellorar as súas condicións laborais e en reducir a burocracia, tal e como acordamos no ano 2023 cos sindicatos que quixeron dialogar e acordar para mellorar a situación do profesorado.

Ao longo desta lexislatura, seguiremos abordando retos estruturais que presenta a día de hoxe o sistema educativo.

Primeiro, o abandono escolar. Desde 2009 reduciuse do 25,8% ao 10,4%, pero esta cifra está moi lonxe de deixarnos satisfeitos. Por iso traballamos no Plan FPGal360, que busca ofrecer opcións formativas personalizadas a mozas e mozos de entre 18 e 24 anos. Calculamos que dará a posibilidade de reengancharse ao sistema educativo a 2.000 persoas cada curso. Esta mesma semana, no Consello da Xunta, demos un novo paso nesa dirección.

Segundo, a convivencia escolar. Díxeno no meu discurso de investidura: en Galicia non caben os abusóns. Tolerancia cero cara ao acoso escolar e a violencia. Nestes anos,

- Instalamos puntos laranxas para denunciar os abusos,

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Actualizamos o protocolo contra a violencia,
- Aprobamos un plan de benestar dixital,
- E puxemos en marcha equipos de actuación formados por docentes con formación específica.

Unhas aulas seguras pasan por un profesorado que se lle recoñeza a autoridade que ten. Nin as presións, nin as ameazas nin, naturalmente, as agresións son tolerables en ningún caso.

Por iso, en Galicia van comezar a aplicarse sancións contra todas aquelas condutas que atenten contra a dignidade e a autoridade do persoal docente. Aplicaranse en todos aqueles casos nos que o diálogo non funcione para resolver os conflitos.

Terceiro, o uso da tecnoloxía. É evidente que non se pode educar á rapazada de costas á tecnoloxía, pero tampouco se pode delegar na tecnoloxía en exclusiva a súa educación.

Xa restrinximos o uso dos móbiles dentro dos centros escolares. Propuxemos tamén contratos voluntarios coas familias para limitar o seu uso nas casas, pois de nada vale ser moi restrictivos nas aulas se fóra delas os pequenos teñen barra libre de pantallas.

Imos limitar o uso individual de dispositivos dixitais para todas as nenas e nenos ata 5º de Primaria, a través da futura Lei de educación dixital que prevemos aprobar antes de que remate este 2026.

Hoxe avánzolle que esta nova norma tamén converterá a Galicia na primeira comunidade de España que regula os usos permitidos e prohibidos da intelixencia artificial dentro da Educación.

Para crear material educativo personalizado ou como apoio dentro das aulas? Si. Delimitaremos que sistemas se poderán usar con este fin.

Sistemas de Intelixencia Artificial sen supervisión humana? Desde logo que non. Esta nova tecnoloxía pode servir como apoio, pero xamais debe reemplazar á atención do profesorado.

Vivir con calidade tamén significa dispoñer dunha Sanidade pública que nos atenda correctamente sempre que a necesitamos.

Este servizo público está a vivir circunstancias complicadas. A causa fundamental é, como en toda España, a acuciante falta de médicos en determinadas especialidades. Tamén unha sensación de frustración entre os profesionais que é comprensible, pero ante a que é importante ter en conta as causas.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Estatuto Marco que promulga o Goberno central provocou unha folga que afecta aos centros sanitarios unha vez ao mes, con niveis de seguimento por riba do 20% e máis de 200.000 operacións, probas e consultas suspendidas.

A reacción do Goberno central? Poñerse de perfil, tapar ollos e oídos e pretender que todo é un problema das comunidades autónomas que a eles non lles concirne. Defendemos que se dote aos médicos, a nivel nacional, dun marco xurídico específico que recoñeza as singularidades da súa profesión.

Esta folga coincidiu no tempo con outras dúas na atención primaria: unha cun seguimento do 5% e que se desconvocou hai dúas semanas tras chegar a un acordo co sindicato que a promovía, e outra dun sindicato que polo xeral non quere chegar a acordos —tampouco nesta ocasión—, con niveis de seguimento por debaixo do 2%.

Queda constatado unha vez máis que a Xunta escoita a todos os profesionais sanitarios e a Xunta defende, en Galicia e en Madrid, medidas estruturais que corrixan os desequilibrios que acumula a Sanidade pública.

Para cumprir cos pacientes, seguimos apostando pola mellora da calidade asistencial: por iso incrementamos nun 50% o orzamento da Sanidade pública e nun 28% o número de profesionais.

- Apostamos pola Sanidade preventiva, con máis cribados e co mellor calendario de vacinación do mundo;
- Investimos 210 millóns de euros en reformas e melloras dos hospitais galegos,
- Destinamos cerca de 50 millóns de euros a alta tecnoloxía sanitaria, apostamos pola medicina personalizada e nesta lexislatura seremos a primeira comunidade de España cun centro público de protonterapia;
- Abordamos a saúde mental con unidades especializadas en nenos e adolescentes e tamén con 21 novos psicólogos en atención primaria. O compromiso é chegar a 35 a final da lexislatura e a 50 ao final da década;
- E tomamos unha medida pioneira para protexer a saúde dos nenos e adolescentes: a prohibición de vender bebidas enerxéticas ata os 18 anos.

Cada vez fanse máis cirurxías, máis probas e máis consultas co especialista.

Os tempos de espera para ser operado ou para ver o médico especialista, en Galicia, son inferiores en máis dun mes á media nacional.

Pero por suposto, hai marxe de mellora, na Sanidade moi especialmente.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por iso, ademais da reforma dos Puntos de Atención Continuada que estamos a impulsar con importantes melloras retributivas, neste semestre imos propoñer unha reforma integral da atención primaria que adecúe as súas estruturas ao cambio demográfico que estamos a vivir en Galicia.

Esta reforma ten dous obxectivos claros: liberar aos médicos de tarefas burocráticas — que lles quitan tempo da súa función esencial, que é atender pacientes— e acadar axendas que non superen os 30 pacientes en xornada ordinaria.

Señorías. Quero avanzarlles tres das medidas que proporemos para conseguir unha Atención Primaria máis adaptada ás demandas e necesidades reais da poboación galega.

- Primeiro, crearase unha unidade especial que centralizará unha gran parte do papelame de escaso ou nulo valor clínico que ata agora sobrecargaba aos profesionais.
- Segundo, aproveitando o impulso desta descarga burocrática, implantarase un novo modelo de xestión das axendas, dinámico, flexible e adaptado a cada lugar. Así, o médico poderá dedicar máis tempo a cada paciente e que este tempo sexa da máxima calidade.
- Terceiro, reforzase a estrutura de xestión da atención primaria, tanto en cada unha das sete áreas sanitarias como na central do Servizo Galego de Saúde. Para coordinar os esforzos, crearemos unha Dirección Xeral de Atención Primaria dentro do Sergas, que velará por que se cumpran todas estas liñas mestras e realizará un seguimento constante de cada centro de saúde e PAC.

Xamais atoparán en min compracencia respecto da Sanidade pública. Aínda hai moitas cousas que mellorar.

Pero non podemos esquecer que os cidadáns valoran a Sanidade galega por riba da media nacional, que o 73% dos galegos considera que a atención primaria é “boa ou moi boa” e que o 82% outorga a mesma cualificación ás consultas de especialista. Sobre esta realidade, que é a realidade da Sanidade galega, debe construírse calquera mellora.

Vivir con calidade significa tamén que a xente do teu redor che tenda a man sempre que necesites apoio.

- Apoio se, por circunstancias da vida, un galego queda sen ingresos estables e suficientes e necesita acceder a algunha das prestacións de inclusión social que ofrece Galicia;
- Apoio para a plena integración das persoas con discapacidade, que demostran cada vez en máis contextos que calquera sociedade é mellor cando conta coa súa achega.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- E apoio, por suposto, cando a idade vai facendo minguar as nosas capacidades e pasamos a depender doutras persoas para realizar as actividades do día a día.

Os tempos para a valoración da dependencia e asignación dunha axuda e un servizo eran excesivos e así o recoñecemos. Por iso, nesta lexislatura fixemos autocrítica e un Plan de choque, revisamos a fondo os protocolos internos e logramos, tan só en dous anos, incrementar nun 26% o número de persoas dependentes atendidas.

Neste mesmo ano, Galicia acadará a cifra simbólica dos 100.000 dependentes atendidos. Estamos, á vez, entre as tres comunidades que avanza a mellor ritmo e entre as que teñen mellores resultados absolutos.

Sería un gran apoio que o Goberno central se decidise a achegar o mesmo que achega a Xunta ao sistema de dependencia. A contribución estatal para atender aos maiores galegos, en lugar de subir, baixa: no 2025 non chegou nin a un de cada tres euros do financiamento total.

A nosa meta é ofrecerlle a cada galego o servizo ou a prestación que máis encaixa coas súas necesidades, co seu carácter, coas súas preferencias ou coa súa contorna familiar. En todos os ámbitos fomos crecendo.

- Triplicamos a oferta de prazas en residencias de maiores sostidas con fondos públicos, incluíndo as últimas residencias das que financiou a Fundación Amancio Ortega e que son a envexa de toda Europa;
- Multiplicamos por sete as prazas en centros de día;
- Hai 20.000 persoas beneficiarias do Servizo de Axuda no Fogar e este ano acadamos cos concellos un importante acordo para blindar a súa sustentabilidade económica. En dúas lexislaturas, a achega autonómica a este servizo municipal subiu un 86%;
- E, desde o inicio da lexislatura, duplicouse ata as 40.000 o número de persoas que están atendidas na súa casa cun apoio económico da Xunta a través do Bono Coidado.

Anúnciolles que, no que queda de lexislatura, 10.000 galegos máis recibirán este Bono Coidado.
------------------------------------------------------------------------------------------------

Para as persoas que necesitan unha atención especializada, neste primeiro semestre culminaremos a primeira fase do Plan de residencias e centros de día que, co apoio dos fondos europeos, permitirá abrir en Galicia 24 centros máis.

Inmediatamente despois, definiremos os emprazamentos para a segunda fase do Plan: outras 24 residencias de maiores en toda Galicia cuxa contratación se licitará no 2027.

Deste xeito, Galicia contará nesta lexislatura con 3.500 novas prazas de maiores impulsadas con fondos públicos xa operativas ou en camiño de estalo.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Señorías. As rebaixas fiscais aprobadas pola Xunta permitiron que os galegos aforrasen 1.100 millóns de euros no que levamos de lexislatura. Ademais, a inmensa maioría destes beneficios concentráronse nas clases medias e baixas, que poden notar a diferenza cada vez que compran unha vivenda, que perden a un familiar ou que realizan cada ano a declaración da renda. Seguimos nesta liña.

Avánzolle unha nova bonificación. A partir do ano que vén, Galicia bonificará o 100% do imposto de actos xurídicos documentados para as vivendas protexidas. É un tributo que paga o promotor en varias fases e o comprador no momento da adquisición de obra nova.

Ata agora, por unha vivenda protexida de 100 metros de superficie pagábanse ata 15.000 euros deste imposto. Agora, pasarán a ser cero para favorecer a colaboración público-privada na construción de vivenda protexida.

Desde 2009, a Xunta baixou os impostos 138 veces. En menos de oito anos, o Goberno central subiunos en 96 ocasións.

Ademais, pechamos os dous exercicios desta lexislatura sen déficit e reducimos o endebedamento: con dous puntos menos nesta lexislatura, somos a cuarta comunidade de réxime común con menos débeda.

Galicia executou o 99% dos dous Orzamentos desta lexislatura e converteuse na comunidade autónoma que máis inviste en obra pública.

Esta xestión responsable é posible grazas a uns empregados públicos que, na súa maioría, demostran día tras día un enorme compromiso coa institución da que forman parte. Ser servidor público, tanto desde o funcionariado como desde un posto directivo, implica non decepcionar aos cidadáns que sosteñen cada día a Administración cos seus impostos.

Para manter o nivel ao longo dos últimos anos e responder ás xubilacións previstas, a Xunta convocou xa máis do 80% das 4.000 novas prazas de traballadores públicos que estaban comprometidas a través de máis de 300 procesos selectivos. Nas vindeiras semanas aprobarase unha nova Oferta de Emprego Público da Administración xeral que, un ano máis, esgotará a taxa de reposición e contará con máis de 800 prazas.

Todos estes novos funcionarios, estou convencido, servirán a Galicia coa mesma dedicación que os que levan todos estes anos na Administración autonómica. Todos eles, os que se acaban de xubilar e os que están chegando con ilusión, merecen o noso agradecemento. Tamén o noso respecto: ante as descualificacións e acusacións que reciben cando o seu criterio técnico non coincide con determinados dogmas políticos, nós protexerémolos sempre.

Señorías. Prosperar con calidade pasa necesariamente por apostar con rotundidade pola I+D+i. Galicia inviste cada ano 1.000 millóns de euros en innovación e crecemos ao dobre

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de ritmo que a media de España. Trátase dun pilar estrutural do investimento non só da Xunta, senón tamén das empresas.

O sistema galego de ciencia medra sobre unha base sólida, composta polo talento dos investigadores e unha planificación estable e sostida no tempo. A ciencia non dá froitos dun día para outro e é incompatible coa improvisación. A ciencia require paciencia e implicación continua. Por iso, a Xunta,

- Está apoiando unha trintena de investigadores de vangarda a través do programa Oportunius, en áreas tan punteiras como a nanotecnoloxía, a xenética do cancro ou materiais intelixentes;
- Consequimos unha factoría europea de Intelixencia Artificial cun investimento total de máis de 80 millóns de euros, centrada no ámbito da saúde.
- Apostamos tamén pola tecnoloxía cuántica: coa liña de comunicación máis longa de España, un novo gran ordenador cuántico que estará funcionando neste mesmo ano e liderando un val europeo de innovación especializado nesta tecnoloxía.

O I+D+i con selo galego, o que chamamos I+G+i, non queda atrapado entre as catro paredes dun laboratorio, senón que procura que o coñecemento se poña ao servizo do desenvolvemento social.

Este será tamén o obxectivo prioritario da nova Fundación Galtia, destinada á captación de talento científico de alto nivel. Xa está constituída e neste mesmo ano lanzará a primeira convocatoria para captar investigadores.

O progreso económico, científico e técnico non se produce en detrimento do noso patrimonio, senón grazas a el. Os excelentes resultados do turismo son unha boa mostra disto.

En 2025, Galicia aproxímase aos 9 millóns de visitantes, unha cifra sen precedentes na nosa Historia, pulverizando cun crecemento do 7,3% os magníficos resultados do ano anterior.

Creceuse tamén en rendibilidade, en sustentabilidade —cos visitantes cada vez mellor repartidos ao longo do ano e ao largo da nosa xeografía— e tamén en convivencia. Non me cansarei de repetilo: quen veña a Galicia a coñecernos e o faga desde o respecto, como a inmensa maioría dos visitantes, será sempre benvido. Sempre.

Galicia asómase ao ano histórico que será o vindeiro 2027 con enorme ilusión e cos deberes feitos. Ao longo desta lexislatura, investimos máis de 87 millóns na mellora das infraestruturas turísticas, especialmente ao longo do Camiño, e na seguridade viaria para os peregrinos. As máis de 530.000 compostelas entregadas no ano pasado son tan só un prólogo do que podemos acadar no ano que vén.

O Xacobeo será unha ocasión única para que todo o mundo mire a Galicia. O mellor expositor de todo o que temos que ofrecer

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Queremos que o Ano Santo non sexa un acontecemento illado, senón o mellor acelerador da transformación e mellora turística.

- Esa é a finalidade que busca o programa O teu Xacobeo, que leva mobilizados 15 millóns de euros en apoiar proxectos por toda Galicia desde o 2020;
- E tamén traballando para captar para o Xacobeo 2027 o dobre de fondos privados que no 2021/22.

Os preparativos para o Ano Santo avanza, pero a nosa comunidade non debería estar soa. Por iso seguimos insistindo: a falta de nove meses, non podemos seguir sen concreción por parte do Goberno de España sobre as deducións fiscais para as empresas que se comprometan con el.

Ademais do Camiño de Santiago, que é a nosa gran carta de presentación ante o mundo, Galicia conta con outros tres bens declarados Patrimonio da Humanidade. Este pode ser o ano no que se lles una a Ribeira Sacra. Quero agradecer aos profesionais que, desde ámbitos moi diversos, estiveron e están facendo o posible para que este soño se converta en realidade.

Señorías, o noso patrimonio natural, cultural e lingüístico non é só un tesouro que compartimos co mundo enteiro, senón que tamén debe funcionar como un elemento de cohesión para o noso pobo.

Esa é a meta do Pacto pola lingua. O galego é a chave que nos abre as portas da lusofonía e debe ser tamén un motivo de orgullo compartido. Neste mesmo semestre presentaremos aos grupos parlamentarios a nosa proposta.

O galego ten futuro, e ese futuro pasa por seguir incrementando a súa presenza no ámbito tecnolóxico, empresarial e entre os novos galegos, ademais de garantir a transmisión interxeracional. A lingua serve para entenderse e non debe utilizarse para crear ou avivar friccións. O galego é, e debe ser sempre, o idioma dun pobo aberto, ambicioso e integrador. Dun pobo orgullosamente bilingüe.

O patrimonio vertebrará Galicia desde o punto de vista simbólico; as infraestruturas o vertebran desde o punto de vista material. Na segunda metade da lexislatura avanzaremos nos traballos para unha terra mellor conectada.

- Conectada con mellores infraestruturas tecnolóxicas. Seguiremos mellorando as condicións de acceso a Internet do noso rural, tanto para as persoas que xa viven nel como as que poden estar interesadas en traballar desde alí. Nesta liña, dúas novidades: Ampliaremos tamén a particulares as axudas ata agora reservadas para empresas que están en lugares con conexións mellorables; e solicitaremos autorización ao Goberno central e a Competencia para comezar a construír en 2027 novas torres de telefonía para ampliar a cobertura nas zonas de sombra que aínda quedan eido rural, continuando o labor que xa se fixo para que o 100% dos galegos, vivan onde vivan, teñan cobertura móbil.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Conectada con máis mobilidade sustentable, coas novas liñas directas e o autobús gratuito para as galegas e galegos de menos de 21 anos ou máis de 65, tarifas das que neste momento se benefician 270.000 persoas.
- Conectada tamén con mellores infraestruturas hidráulicas, que contribúan a unha xestión responsable da auga: en 2025 investimos 110 millóns de euros en saneamento e abastecemento e o 80% das masas de auga de competencia autonómica están en bo estado, 24 puntos por riba da media nacional;
- E conectada con mellores infraestruturas viarias. Neste ano comezarán obras tan importantes como a ampliación da autoestrada da Costa da Morte e o último tramo da autovía Lugo-Sarria e licitaremos a redacción do proxecto de variante de Viveiro. Tamén estará listo o tramo ata A Ramallosa da autovía Santiago – A Estrada. No ano que vén, estará rematado un novo tramo da autovía Tui-A Guarda e estará completa a a autovía Brión-Noia.

Ao rematar todas estas obras, nove de cada dez galegos vivirán a menos de 15 minutos dunha vía de altas prestacións.

Pero, sempre que falamos de infraestruturas, é inevitable recordar que o Goberno central segue tendo importantes deberes pendentes.

Primeiro, preocúpanos o deterioro progresivo na calidade do tren. Non imos resignarnos a dar por normais uns atrasos cada vez máis frecuentes ou a interrupción constante de determinadas rutas, especialmente nas zonas peor conectadas. Renfe non pode ver Galicia como un lugar onde simplemente facer caixa: o servizo debe ser acorde co prezo que estamos a pagar. Na miña primeira reunión co Presidente Sánchez soliciteille a creación dun grupo de traballo coa Xunta e seguimos agardando por el.

Segundo, a lista de obras pendentes do Goberno central non se reduce, senón todo o contrario: parece enquistarse. Autovía Santiago-Lugo, mellora das vías do tren cara a Ferrol, saída sur de Vigo cara a Portugal, completar a dobre vía na conexión con Madrid, claridade respecto da variante de Cerdedo ou a implantación dun servizo de Cercanías do que hai moita propaganda e pouca concreción.

Moitas desas actuacións deberían estar recollidas nun Plan do Corredor Atlántico do que aínda non coñecemos nin cifras, nin prazos, nin obras concretas. Ademais, o estado de conservación das vías de alta capacidade de competencia estatal tamén está en franco deterioro, como pode comprobar calquera persoa que teña que conducir por elas.

Lendo Twitter ou os sumarios xudiciais podemos entender a orde de prioridades no Ministerio de Transportes. É urxente un cambio de rumbo.

Terceiro, a Autoestrada do Atlántico. A situación é insostible. Os beneficios da concesionaria están en máximos, os importes das peaxes tamén e a paciencia dos galegos xa chegou a mínimos. A Comisión Europea avanza nun expediente que o Goberno central nos segue ocultando por motivos que son difíciles de entender e

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

imposibles de explicar. A nosa postura é clara: transparencia, liberación da concesión e transferencia. Nesa orde.

Señorías. A cidadanía exaspérase ante unha política que parece cada vez máis crispada e apartada das preocupacións reais a pé de rúa. En Galicia temos que ser distintos. Cando noutros lugares triunfa a división, aquí temos que redobrar a nosa aposta pola unidade.

Cada Administración debe centrarse nos ámbitos onde máis útil pode serlle aos cidadáns. A Xunta leva anos traballando nunha axenda para ampliar o autogoberno, que non consiste en transferencias ao por maior, senón en asumir o que, honestamente, cremos que podemos facer mellor que o Goberno central.

A mellor proba do que podemos lograr está no litoral. En menos dun ano como responsables dunha competencia que pelexamos coa forza da razón, hai melloras palpables.

- Xa emitimos máis de 1.100 autorizacións, informes e concesións, cunha axilidade moi superior á da etapa anterior e en estreita coordinación coa cadea mar-industria.
- O Camiño do Litoral, que permitirá ir desde Ribadeo ata Tui a pé, será unha realidade neste mesmo ano.
- E o Catálogo de bens do litoral identifica máis de 2.000 bens de interese, para protexelos mellor e darlles unha nova vida, con novas oportunidades económicas e de emprego para as zonas onde se atopan.

Este autonomismo útil, que plasmamos na xestión do litoral, queremos amplialo coas novas competencias que estamos a negociar co Goberno central.

Avanza a bo ritmo a negociación para o traspaso das autorizacións iniciais de traballo, unha competencia absolutamente estratéxica para atraer máis talento ao noso mercado laboral. Estamos xa intercambiándonos borradores de valoración de medios e agardamos que nada se torza e poder ampliar o noso autogoberno en materia laboral neste mesmo 2026.

Polo tanto, ao Goberno central esixímoslle lealdade e colaboración. A mesma que aplica a Xunta na súa relación cos concellos e deputacións. Estamos a tramitar unha nova Lei de Administración local, unha norma que era preciso modernizar para mellorar o financiamento municipal e a súa relación cos entes provinciais. O obxectivo: prestar o mellor servizo á cidadanía.

A Xunta destina neste ano 670 millóns de euros directamente aos municipios. Pois ben: anúnciolles que imos lanzar tamén préstamos de axuda aos concellos de menos de 20.000 habitantes, para que poidan acceder con máis facilidade aos programas europeos de desenvolvemento local, que precisan un cofinanciamento que algunhas arcas municipais non se poden permitir.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Deste xeito, a Xunta apoia —en condicións moi vantaxosas— que os concellos pequenos que cumpran os requisitos tamén poidan acceder a investimentos que suman, en total, preto de 300 millóns de euros.

Señorías. Non podemos seguir asistindo ao proceso de desarticulación, pola vía dos feitos, do Estado das Autonomías que se consagrou na Transición e que fixo posible a etapa de maior prosperidade sostida da Historia de España.

Os criterios de decisión do Goberno central non poden guiarse polos intereses de ningún partido: nin do que está no poder, nin moito menos de minorías cuxa ideoloxía se basea, precisamente, no rexeitamento á España equitativa e igualitaria que coñecemos. Abonda de negociacións debaixo da mesa. O que está en xogo son os servizos públicos, nin máis nin menos.

A Xunta loitará por un financiamento autonómico xusto, sustentable no tempo e que parta dunha base innegociable: que todos os españois, vivan onde vivan, teñen dereito a recibir uns servizos públicos homoxéneos e de calidade. Exactamente a mesma xustiza que esixiremos en Europa para o reparto dos fondos do vindeiro período operativo, que non poden repetir os erros centralizadores dos Next Generation.

Galicia nunca vai asumir repartos que condenen á nosa terra á desigualdade crónica, que tantos anos e esforzo nos custou superar.

Señorías. Nun mundo polarizado, gaña quen permanece unido. Nun mundo inestable, gaña quen se mantén previsible. Nun mundo que semella que perdeu o rumbo, gaña quen mantén o seu Camiño, sen interferencias.

Neste discurso falei de autogoberno, un concepto cun significado claro: que o noso pobo dispoña da capacidade precisa para adoptar as decisións que máis lle conveñan.

Galicia seguirá progresando desde a igualdade entre mulleres e homes: é innegociable. Seguiremos combatendo as causas e consecuencias do machismo que aínda existen e moi especialmente a lacra da violencia de xénero. Desde a racionalidade e o sentidiño, sen caer nos dogmas e defendendo todas as garantías das que deben gozar homes e mulleres, amen a quen amen, nun Estado de Dereito.

Ás galegas e galegos nunca nos veu nada regalado, nin a nivel individual nin colectivo. Esiximos o que nos corresponde. Traballamos duro para facernos merecedores de cada un dos logros que acadamos, en moitos casos superando as expectativas. Sigamos crecendo como nós sabemos facelo.

- Sabendo quen somos, de onde vimos e onde queremos chegar.
- Tendo claras as prioridades: mellores salarios, mellores servizos públicos, máis oportunidades.
- Identificando os problemas e tendo a valentía de afrontalos e resolvelos.

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Con autoestima e ambición: esta terra non ten máis teito que o que nós queiramos impoñernos.

Comprométome a seguir traballando para estar á altura de Galicia, un pobo que esixe moito porque o dá todo. Non acertaremos sempre, pero sempre traballaremos con honestidade, con humildade, con palabra e compromiso e tendo como única guía os intereses do pobo galego.

Galicia Calidade xa non é só unha etiqueta para uns produtos: é unha marca que distingue o noso estilo de vida e que define como queremos que nos vexan desde fóra.

Para que en Galicia se viva cada vez mellor é imprescindible unha Educación que iguale oportunidades, unha Vivenda accesible, unha Sanidade e uns Servizos Sociais que atendan ás necesidades por todo o territorio. Tamén unhas infraestruturas modernas, un sector primario forte e unha industria competitiva. Esas son as prioridades da xente, esas son as prioridades da Xunta.

Hai dous anos, Galicia escolleu unidade, estabilidade e responsabilidade. Galicia escolleu solucións e respostas. Galicia escolleu mirar ao futuro con confianza.

Desde Galicia, por Galicia e para Galicia. Seguiremos traballando para pechar unha década que mereza ser resumida en dúas palabras: Galicia Calidade.

Moitas grazas.